

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 21164** *Corrección de erros do Real decreto 2004/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de pagamentos á conta, o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e se establecen para 2010 novos prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido.*

Advertidos erros no Real decreto 2004/2009, do 23 de decembre, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de pagamentos á conta, o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e se establecen para 2010 novos prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e os réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 313, do 29 de decembro de 2009, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Páxina 1:

No título, onde di: «Real decreto 2004/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de pagamentos á conta, o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, en materia de obrigacións formais, e se establecen para 2010 novos prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido», debe dicir: «Real decreto 2004/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, en materia de pagamentos á conta, o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, e se establecen para 2010 novos prazos de renuncias e revogacións ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido».

Páxina 3:

No artigo primeiro, punto tres, segundo parágrafo, onde di: «... no número 1 artigo 80 bis da Lei do imposto...», debe dicir: «... no número 1 do artigo 80 bis da Lei do imposto...».